

O referendo de Escocia e o futuro do Reino Unido

Teresa Barro

Será interesante observar o que suceda no Reino Unido despois do referendo que tivo lugar o 18 de setembro do 2014 sobre a posible independencia da Escocia. Ese referendo, que resultou nun Non á independencia, acordou paixón política e dividiu aos escoceses en dous bandos case iguais.

Non agardaban esa paixón os políticos de Westminster nin os propios escoceses, e parte da análise posterior ao referendo centrouse en cáles foran as causas reais do resultado: canto houbo nos que votaron pola separación de deveso auténtico de independencia e canto de desilusión e falta de crenza nos políticos e os partidos tradicionais; se respondeu en definitiva ao mesmo rexeitamento do estado actual que se observa na Gran Bretaña co triunfo do partido UKIP (*United Kingdom Independence Party*) e que está levando en tantos outros países da Europa á creación de partidos non convencionais, que tanto poden ser de dereita como de esquerda, e que absorben o grande descontento xeral co funcionamento do sistema político.

O Reino Unido ten un tipo de unión que non é unha federación nin unha confederación, e valerá a pena observar como se enfoca e se vai resolvendo a dinámica entre nacionalismo, localismo, centralismo e independencia e a cuestión de cantos e cales poderes deberán corresponderlle a cada quen.

O resultado máis notorio do referendo da Escocia non foi que os escoceses rexeitasen a independencia, senón que xurdiu con moita forza a cuestión da *Devolution* (concepto xurídico que significa transferencia de competencias) para todo o Reino Unido, incluída Inglaterra, que até agora non a solicitara para ela, ou a propósito do xeito en que posibelmente vaia propoñer e negociar agora, por exemplo, a chamada *The Lothian Question*.

The Lothian Question

The Lothian Question é a cuestión de se é xusto que os deputados escoceses voten no Parlamento británico de Westminster en asuntos que afectan só a Inglaterra. Chámase así porque foi un deputado escocés do distrito de West Lothian, perto de Edimburgo, o que a suscitou por primeira vez na Cámara dos Comúns en 1977.

Este deputado sinalou que, nunha Escocia posterior á autonomía, os deputados dos distritos electorais ingleses non poderían votar en asuntos nos que Escocia tiña autonomía e que, en cambio, os deputados de distritos escoceses poderían votar en asuntos ingleses. Esta cuestión, coñecida habitualmente como *English Votes for English Laws* (votos ingleses para leis inglesas), estivo sempre presente desde a creación do Parlamento de Escocia.

E non pasara aínda unha hora desde que se soubo o resultado do referendo de setembro do 2014 cando xa a suxeriu David Cameron, o primeiro ministro do Reino Unido, ao